



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 439 /2015.

En cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, que prevé que as Corporacións municipais se constituén en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións que tiveron lugar o pasado 24 de maio do 2015,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión constitutiva do **PLENO** da Corporación Municipal de Padrón para o vindeiro día **13 de xuño do 2015 (sábado) ás 11:00 horas** no Salón de Sesións desta Casa Consistorial, coa seguinte orde do día:

- 1.- Constitución da Corporación Municipal.
- 2.- Toma de posesión das concelleiras electas e dos concelleiros electos.
- 3.- Elección e toma de posesión do Alcalde ou Alcaldesa.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros electos segundo consta na Acta de Proclamación de candidatos/as electos/as emitida pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 10 de xuño de 2015

O Alcalde en funcións

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante mín

A Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez